

7. Transporte

7.1 Tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida

1. O cartón de estacionamento para persoas con minusvalía concederáse ás persoas con graves problemas de mobilidade como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer o uso dos transportes privados e para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionadas co devandita cartón.

2. Os concellos deberán aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade das persoas titulares deste tipo de cartón debendo establecer, como mínimo, o seguinte:

- a) Reservas con carácter permanente de prazas de aparcadoiro debidamente sinalizadas para vehículos que transporten ás persoas titulares deste cartón. Situaranse próximas aos accesos peonís dentro das zonas destinadas a aparcadoiro de vehículos lixeiros, ben sexan exteriores, interiores ou subterráneos.
- b) Ampliación do límite de tempo, cando este estivese establecido, para aparcadoiro de vehículos titulares deste cartón.
- c) Autorización para que os vehículos ocupados polas devanditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

3. Terán dereito á expedición do cartón de estacionamento para persoas con minusvalía todos aqueles interesados que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalías.

4. Cando o titular do cartón sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular do cartón o condutor do vehículo ou non. Cando a titular do cartón sexa unha persoa xurídica deberá incluír a ou as matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade. Cando se faga uso dos dereitos que confire este cartón esta colocaráse nun lugar visible do vehículo.

7.2. Medios de transporte

1. Os medios de transporte público serán aptos para a súa utilización por todo tipo de persoas, mantendo as adecuadas condicións de autonomía e comodidade para o seu uso por persoas con mobilidade reducida ou calquera outro tipo de limitación. 2. Nos autobuses urbanos e interurbanos, metro, ferrocarril e embarcacións de transporte público de viaxeiros dependentes das administracións galegas deberá reservarse para persoas con mobilidade reducida un mínimo de tres asentos por vehículo, próximos ás portas de acceso e sinalizados adecuadamente. Dispoñerán xunto a eles dun timbre de aviso de parada nun lugar facilmente accesible. 3. As axudas técnicas persoais que, no seu caso, sexan utilizadas polos pasaxeiros, dispoñerán do espazo físico necesario para a súa localización. 4. Os pasaxeiros que vaian acompañados de cans guía poderán viaxar cun ao seu lado, baixo a súa responsabilidade e sen custo adicional. 5. O piso de todos os vehículos de transporte será antiescorregadizo. 6. Nos autobuses urbanos e interurbanos de servizo público as persoas con mobilidade reducida poderán saír pola porta de entrada para evitar o seu desprazamento ao longo do vehículo. 7. As portas dos vehículos de transporte público contarán con dispositivos que abran automaticamente cando ao pecharse aprisionen calquera obxecto. 8. Todo o material móbil de nova adquisición deberá estar adaptado ás medidas técnicas que se establecen na base 6 do código de accesibilidade.

7.3. Vehículos especiais e taxis adaptados

1. Deberá existir polo menos un vehículo especial ou taxi adaptado que poida ser utilizado polas persoas de mobilidade reducida nos seus desprazamentos:

- **Nos municipios de máis de 25.000 habitantes.** O número de vehículos especiais ou taxis adaptados aumentará nunha praza máis por cada 100.000 habitantes do municipio ou fracción.

- **Nos municipios cabeceiras de comarca** que se establezan nos plans de desenvolvemento comarcal previstos na Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal de Galicia, cando no ámbito das zonas rurais non exista ningún municipio que alcance os 25.000 habitantes.

2. Os vehículos especiais ou taxis adaptados cumprirán as condicións previstas en base 6 do código de accesibilidade.

7.4. Servizo para persoas con mobilidade reducida (PMR) Vitrasa - Vigo

Servizo porta a porta. O usuario recóllese na parada de transporte urbano máis próxima ao momento de inicio do servizo e deixárase na parada de transporte urbano máis próxima ao destino, podendo axustar en función das circunstancias da vía. Non se realizan esperas. Ten horario de 8 a 14 h e de 16 a 20 h, de luns a sábados (hora de saída e retirada do vehículo).

Os servizos solicítanse no teléfono 986207474 cun mínimo de 24h (e máximo de 7 días) de antelación en horario de 9 a 14h., sinalando o lugar e hora de recollida e regreso, no seu caso. Os servizos dos sábados solicitaranse exclusivamente o venres anterior.

Os grupos priorízanse fronte ás persoas individuais. A primeira vez que se solicita débese entregar fotocopia do certificado de grao de discapacidade ao condutor cando se acceda ao vehículo.

7.5. Liñas urbáns accesibles Vitrasa - Vigo

VITRASA ten liñas que dispoñen dunha rampla para o acceso a persoas con cadeira de rodas. - Liñas accesibles: C1, C2,C3, INVERSA, C5, L11 (están a ampliarse) - Prezo: gratuíto (para a persoa de mobilidade reducida en cadeira de rodas e acompañante).

7.6. Cartón Milenio - Ourense

Viaxes gratis non transporte urbano para persoas con discapacidade e acompañante.

7.7. Cartón Millennium - A Coruña

Viaxes gratis para persoas con minusvalía.

7.8. Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia (SGAMP-065)

Servizo de transporte adaptado programado e non urxente para a prestación de servizos puntuais, é gratuíto.

Persoas usuarias do SGAMP-065:

- a) Ter recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.
- b) Ter recoñecida a súa situación de dependencia en calquera grao ou ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 75%. Excepcionalmente poderán obter a condición de persoa usuaria aquelas persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior ao 75%, sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.